

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XUÑO**  
**ANO 2017**  
**CRITERIOS AVALIACIÓN**  
**FRANCÉS (Código: 12)**

**PROBA ESCRITA**

Características das preguntas sobre os textos e criterios de valoración:

Número total de preguntas: formularanse tres preguntas sobre cada un dos textos propostos

**1) Pregunta 1**

Puntuación: 2 puntos

Test de comprensión sobre o texto.

O alumnado contestará verdadeiro ou falso a unha serie de preguntas sobre o texto. Cada unha das oito preguntas valorarase con 0,25 puntos.

**2) Pregunta 2**

Puntuación: 3 puntos

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua.

Pedirase ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Dado que o número de apartados desta pregunta pode presentar pequenas variacións, a valoración específica de cada un deles será a que figure no exame no enunciado da pregunta 3 (ata un total de 3 puntos).

**3) Pregunta 3**

Puntuación: 4 puntos

Nesta pregunta pedirase ao estudante que faga unha pequena redacción en francés cunha extensión en torno a cen palabras.

O tema estará relacionado coa temática do texto proposto.

Valorarase a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos do alumno.

Os 4 puntos cos que se valorará a pregunta repartiranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Fluidez na expresión, boa utilización das estruturas sintácticas e morfolóxicas: 1'5 puntos

b) Ortografía: 0'5 puntos

c) Riqueza e emprego axeitado do vocabulario: 1 punto

d) En relación co contido: organización, presentación das ideas, encadeamentos lóxicos, estrutura clara do texto: 1 punto

Valorarase negativamente:

a) Non responder adecuadamente o tema esixido na pregunta.

b) Non axustarse á extensión establecida.

c) Repetir literalmente as frases do texto.

## **PROBA DE AUDICIÓN**

Características das preguntas sobre os documentos:

Haberá un total de dez preguntas de tipo de test de elección múltiple.

Cada unha das dez preguntas valorarase con 0,1 puntos.

Non se penalizarán as respostas erróneas.